

HÁBITOS DE ADAPTACIÓN FONÉTICA DAS VOGAIS MEDIAS NOS TOPÓNIMOS ESTRANXEIROS

Ramón Novo Folgueira
Asesor lingüístico da Televisión de Galicia

Sinopse

Os nomes dos lugares aparecen a diario nas producións cinematográficas. A Televisión de Galicia, como medio con componente acústica, é un referente de pronuncia e como tal segue unha mecánica de adaptación ó galego dos nomes de fóra, pero non se debe entender como única.

Como norma xeral, débese mirar de conserva-los nomes propios no idioma orixinal, pero algunas veces hai que retocárlle-la dicción para dalos pronunciado, tendo en conta os hábitos articulatorios e as tendencias de adaptación do esquema fonético do noso idioma.

Introdución

Un marco de aplicación onde a diario se pon a proba a predisposición da lingua galega a dotar da súa personalidade universos de fóra de aquí é a Televisión de Galicia. Independentemente da desigual forma escrita dos topónimos que proponen atlas, textos escolares e outros manuais, a resolución da vertente acústica responde a certas mecánicas internas de axuste.

Na boqueira do século XXI unha porción considerable do léxico novo que se manexa en soportes de comunicación coma a televisión está integrado por nomes propios de países ou rexións onde se desenvolven acontecementos, conflitos bélicos ou espectáculos deportivos. A maneira de chamarles contribúe a difundir un modelo de pronunciación co que o espectador se recofice en maior ou menor medida.

Este traballo nace da necesidade de resolver dúbidas concretas de natureza fonética na fase de dobraxe ó galego de filmes, series de televisión e documentais comprados nos mercados internacionais polo departamento de Produción Allea da

Ramón Novo Folgueira

Televisión de Galicia. Os nomes de lugares conforman unha parte moi cativa no conxunto de cada producción cinematográfica ou divulgativa, pero case sempre están presentes.

Tralo camiño andado, a sensibilidade do colectivo da dobraxe coa vertente oral da lingua reclama parámetros cos que contrastar solucións para as dificultades que van aparecendo fóra das palabras gramaticais e das voces más comúns, como son os neoloxismos, os nomes e apelidos estranxeiros e tamén os nomes de lugares e de accidentes xeográficos do mundo enteiro.

Por causa de que os obxectivos principais están centrados en ser útiles para a dobraxe de producións de fóra, este estudo non considera os nomes de lugares, ríos e accidentes xeográficos de Galicia, nalgúns dos cales se recolle, de par da pronuncia autóctona, solucións diferentes canto ó perfil vocálico como consecuencia da evolución interna da palabra ou ben como resultado de operar o sentido uniformizante. *Begonte* ([ɔ ~ o]), *Lemos* ([e ~ ε]), *Xove* ([ɔ ~ o]), *Porriño* ([ɔ ~ o]), *Eo* ([e ~ ε]) son algúns casos.

As vogais que constitúen o obxecto deste estudo enténdese que son as convencionais do idioma que, desde os puntos de vista fonolóxico e fonético, denominamos vogais medias, polo que quedan excluídas desta exposición as pechadas (*i* e *u*) e a aberta (*a*). As vogais medias (*e* e *o*), cada unha na súa serie, palatal e velar consecutivamente, sitúanse no triángulo vocálico a media altura entre o son más aberto (*a*) e os más pechos (*i* e *u*). Identifícamolas graficamente cos símbolos fonéticos do Alfabeto Fonético Internacional: Vogal anterior media pechada: [e]; vogal anterior media aberta: [ε]; vogal posterior media pechada: [o]; e vogal posterior media aberta: [ɔ].

Cando se fala de tendencia ou hábito de adaptación entendemos que existen certos esquemas que funcionan no seo da lingua conforme regras internas e que, dadas as circunstancias, habilitan a calquera para resolver de inmediato a pronuncia do que nunca tal vira nin osfra. Estes mecanismos actúan sobre a base do patrimonio lingüístico que posuímos: ó xeito de cómo as estruturas sintácticas conservan os seus propios trazos para expresarmos enunciados novos cada día, así recorremos calquera actualización fonética, en función da bagaxe de que nos fornece o consumo diario de idioma. É o que coñecemos como patrón fonético.

Os patróns fonéticos configúranse arredor das constantes e variables fónicas que presenta o léxico ordinario. A respecto das vogais medias, for átonas for tónicas, hai comportamentos universais, como o *e* tónico do infinitivo da segunda conjugación, e alternancia no timbre de palabras gramaticais e léxicas de uso cotián, sobre todo dentro das marxes admitidas polos fenómenos fonéticos de adscrición dialectal. Os límites do estándar lingüístico está no equilibrio interno a base das conexións establecidas por ter nacido e relacionarse nun lugar determinado.

No proceso de aplicación do patrón fonético a elementos alleos como son os neoloxismos, téndese a normalizar, no sentido de facer normal; ou sexa, o falante axéitaos intuitivamente o máis que pode ás súas percepcións, aparentemente mediante a analogía de contextos ou terminacións recurrentes.

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

O *corpus* básico de palabras tirouse á feito do *Atlas de Galicia e do Mundo*, publicado por Edicións Do Cumio, que contén no seu índice uns 11.000 nomes estrados polos mapas físicos e políticos.

No eido político, a escolma efectuouse sobre a base das denominacións dos continentes, conxuntos xeopolíticos, os 226 estados soberanos e territorios tutelados mailas capitais correspondentes, estados federados, rexións, comarcas, provincias, principados, comunidades autónomas, cidades e vilas coñecidas; desde o punto de vista físico extraeuse das listaxes nomes propios de ríos, lagos, montes, picos, parques naturais, cordais, illas, arquipélagos, desertos, estreitos, cabos, golfos e mares. En total manexáronse 489 palabras.

Nin que dicir ten que naturalmente non están tódolos topónimos do mundo. A escolma efectuouse apartando vilas pequenas e lugares susceptibles de teren pouca incidencia nas producións cinematográficas más correntes.

As mostras realizadas, únicamente con valor indicativo, pertencen a doce colaboradores que se prestaron a pronunciar diante de mim cerca de cincocentos nomes. Catro deles pertencen a tres xeracións dunha mesma familia: pai, fillo e netas. O resto dos informantes pertencen a diversas áreas lingüísticas que van desde a microsubárea do Bierzo ata a subárea do Xallas. Son todos falantes auténticos de sempre e de todo o día que ofrecen fiabilidade de pureza máxima. Velaquí:

Paulino Novo, de 76 anos, natural de Meira (Bloque central, área central de transición, subárea de Meira).

Xosé Manuel Vega, de 41 anos, natural de Souto, Sevane, Becerreá (Bloque central, área central de transición, subárea de Meira).

Luis Quintas, de 41 anos, natural de Prado, Vilar de Barrio (Bloque central, subárea auriense).

Luz Méndez, de 36 anos, natural de Ventosa, Agolada (Bloque central, área central de transición).

Rosa Moledo, de 32 anos, natural de Gosolfre, Chacín, Mazaricos (Bloque occidental, área fisterrá, subárea do Xallas).

Ana Isabel Amigo, de 31 anos, de Vilanova do Pedregal, Noceda, Cervantes (Bloque oriental, área oriental central, microsubárea do Bierzo).

Laura Fernández, de 13 anos, natural de Cangas, Foz (Bloque central, área min-doniense, subárea oriental, microsubárea da Mariña-Xistral).

Ana Fernández, de 10 aníños, natural de Cangas, Foz (Bloque central, área min-doniense, subárea oriental, microsubárea da Mariña-Xistral).

Ramón Novo Folgueira

A base de datos vertebrouse en varios grupos atendendo a constantes contextuais e queda ordenado seguindo este esquema:

- O bloque un consta de tres apartados consonte a posición do acento. O primeiro agrupa as palabras agudas en sílaba libre ou trabada por consoante, non sendo en ditongo decrecente, mailos monosílabos; en segundo lugar, as palabras paroxistónas, para o que se establecen catro grupos: a terminación *-ia*, de notable rendibilidade nos topónimos de países e cidades; terminación asimilables ó rexistro de sufíxos propios do idioma; vogais en sílaba libre; e vogais en sílaba trabada por consoante; por último, o terceiro apartado inclúe os nomes de lugar en que o acento recae na antepenúltima sílaba.
- Bloque dous. Vogais átonas. Engloba cinco grupos: vogais postóticas, vogais iniciais, vogais átonas que forman parte dunha terminación recoñecible, pretóticas e antepretóticas.
- No terceiro bloque entran nomes de lugar que contefien vogais tónicas ou átonas en ditongos coa vogal *e*, coa vogal *o* e mais palabras comúns que designan asemade nomes de lugar.

Antes da bibliografía inclúese o repertorio ordenado dos topónimos manipulados no estudo. Vállome del para precisar o grupo a que están asignados, á parte de indicacións que facilitan a localización.

1. Vogais tónicas

1.1. En sílaba aguda

1.1.1. Vogal ó tónica en sílaba aguda

Nas voces que portan acento agudo pronúnciase aberta a vogal *-ó* das acabadas en sílaba libre ou sílaba pechada por consoante oclusiva, ceta ou ese. Dise pechada cando vai trabada por consoante nasal. As acabadas en erre presentan as más das veces vogal pechada e unhas poucas con aberta. Así e todo un mesmo falante pode dicir todo en *-ór* pechado ([ó]) menos *Manacor* ([ɔ]) ou só *Koror* ([ɔ]) etc.

[ó]	[o]	[o] ~ ([ɔ])
Fontainebleau	Aragón	Koror
Mataró	Asunción	Manacor
	Aviación	Nova York
Bangkok	Besançon	Timor
Charlotte	Castellón	

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

[ɔ]	[o]	[o] ~ ([ɔ])
Languedoc	Dijon	
Nuakchot	Gabón	
Olot	León	
Vladivostok	Lyon	
	Oregón	
Badaxoz	Salomón	
	Xapón	
Palamós	Xixón	
Vandellós		
	Ecuador	
	Labrador	

1.1.2. Vogal é tónica en sílaba aguda

Tende a pronunciarse *e* aberto tónico nas sílabas agudas que terminan en consoante oclusiva e ele; non sempre se escuta vogal aberta cando forma parte de sílaba libre ou vai trabada por consoante nasal, erre, ese e demás. Algúns nomes vénense mantendo con vogal pechada. Un mesmo falante pode dicir *Everest* [e] pero *Budapest* [ɛ], *Iaundé* [e] e *Lomé* [ɛ], *Xerusalén* [e] e *Belén* [ɛ]...

[e]	[e]	[ɛ] ~ [e]
Bishquek	Avilés	Duxanbé
Lloret	Penedés	Iaundé
Magreb	Xerez	
Nazaret		Xaén
Quebec		Xerusalén
Winnipeg		Santander
Israel		
Martorell		Agadés
Sabadell		Arlés
Vendrell		Bangladesh
		Bucarest
Lomé		Budapest
Niue		Everest
Teneré		Marraquech
Belén		Utrecht
Santarem		
Tashquent		
Alguer		
Alxer		

Ramón Novo Folgueira

1.1.3. Monosílabos

As vogais que constitúen o núcleo en palabras monosílabicas soen pronunciarse abertas, de quitado algunas acabadas en *-ón*. Con todo e iso hai excepcións.

[ɛ]	[e] ~ [e̞]	[ɔ]	[o]	[ɔ̞] ~ [o̞]
Brest	Fes	Cork	Bonn	Tomsk
Metz	Ness	Ho Chi Minh	Hong Kong	
P. Penh	Perth	Lodz	Phnom P	
Ter		Omsk		
		Po		
		Sort		
		Worms		
		York		

1.2. Con acento grave

1.2.1. Terminación en *-ia*

Na terminación *-i/-é* tónicos (en sílaba aberta ou trabada) + *consoante prenuclear + ia*, característica de moitos nomes de lugar, as vogais tónicas *e* e *o* case sempre son abertas. Ás veces apártanse deste patrón *Eslovenia, Grecia, Colombia, Segovia*, etc. (Os termos marcados con asterisco indican a variación que se combina coa solución maioritaria)

[ɛ]	[ɔ̞]
Alxeria	Bolonia
Armenia	Bosnia
Bohemia	California
Carelia	Capadocia
Chechenia	Colonia
Filadelfia	Cracovia
Indonesia	Donostia
Liberia	Escocia
Micronesia	Estonia
Nixeria	Laponia
Polinesia	Letonia
Quenia	Macedonia
Siberia	Mongolia

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

[ɛ]	[ɔ]
Silesia	Nicosia
	Nova Caledonia
*Eslovenia	Patagonia
*Grecia	Polonia
*Osetia	Pretoria
*Serbia	Saxonia
*Venecia	Sofia
	Soria
	Varsovia
	Victoria
	Vitoria
	Xeoxia
	Skopje
	Toquio
	*Colombia
	*Monrovia
	*Mordovia
	*Segovia

1.2.2. Mesma terminación ca sufíxos

Algúns sufíxos susceptibles de formaren palabras novas, e mais outras terminacións de relativa frecuencia que presentan solucións fonéticas uniformes adoitan traspasar os timbres das vogais medias a palabras novas, como son os nomes de lugar de fóra do ámbito más próximo.

Así e todo non fai lei sempre, nin o sufíxo de base tomado de palabras correntes, nin a mesma terminación doutros nomes de lugar. Por exemplo, o sufíxo *-eo* (de «bambeo») mantense en *Bermeo*, *Bordeos*, *Pireneos*, e pode variar ou non en *Montevideo*. *-oa* (de «lagoa») ten o seu correlato en *Bidasoa* e *Lisboa* e pode que non en *Samoa*. Aínda así medio se comproba certa correspondencia entre terminacións a partir dos paradigmas do léxico común, como sucede en *Florencia*, *Palencia* e *Valencia*, ó son do final en *-encia* (de «querencia»).

-ea ['ea]: Basilea, Corea, Crimea, Eritrea, Guinea

-encia ['enθja] ~ ['enθja]: Florencia, Palencia, Valencia

-ete ['ete]: Albacete

-eo ['eo]: Bermeo, Bordeos, Borneo, Exeo, *Montevideo, Pireneos

Ramón Novo Folgueira

- era ['era]: Figueras, Formentera, Gomera, Jonquera, Talavera
- ona ['ona]: Amazonas, Arizona, Barcelona, Daitona, Estepona, Garona, Pamplona, Tarragona, Verona, Xirona
- oa ['oa]: Bidasoa, Lisboa, *Samoa
- ola ['ola]: Angola, Bafiolas, Fuengirola
- ote ['ote]: Lanzarote
- oco ['oko]: Marrocos, *Orinoco

1.2.3. Vogais graves en sllaba libre

Atendéndomos unha vez máis á terminación, clasificamos os seguintes nomes pola vogal libre da sllaba final (*a*, *o*, *e* e *i*) e a consoante que media coa vogal tónica. Vén sendo unha continuación do apartado dos sufixos, nada máis que sen carácter derivativo ou menos estendido. En xeral operan asociándose á variación das voces comúns, polo que non está libre de que arrastren fenómenos fonéticos de contextos equivalentes, como é a metafonía nominal.

Sobre a base do volume do *corpus* traballado e a variedade de cruces, o resultado é moi pobre.

Vogal final -a

<i>-A</i>	[e]	[ε]	[o]	[ɔ]
[B]	Adís Abeba Tebas		*Moldova	*Moscova
[dj]	*Marbella *Marsella			
[n]	Atenas Cartaxena Sena Xamena		Amazonas...	
[Λ]	Sardeña			
[s]	Odesa		Formosa	
[t]	*Creta Valeta			*Dakota *Minnesota
[θ]	Bañeza		*Zaragoza	
[k]	*Zacatecas	*Rep. Checa		
[ʃ]	*Brexa Texas			*Camboxa
[l]		Bruxelas *Castela Tudela		Angola...

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

-A	[e]	[ε]	[o]	[ɔ]
[br]		Xenebra		
[r]		Canberra Inglaterra	Andorra	
[m]			Dodoma Oklahoma Roma	
[r]		Figueras...	*Sonora *Zamora	Basora
[p]				Europa
[ð]				Rodas
[h]				*Doha

Pode darse variación tendo *e* tónico cando a sílaba postónica final termina en erre: *Almudévar* ([e] ~ [ε]), *Binifar* ([e] ~ [ε]), e *Almuñécar* ([ε] ~ [e]).

Vogal final -o (-u)

-O	[e]	[ε]	[o]	[ɔ]
[B]	Saraxevo			
[n]	Brno Tirreno			
[]			Logroño	
[s]	Arezzo Peloponeso			
[t]				*Lesoto
[k]		*Pecos		Marrocós...
[l]		*Barcelos *Cacabelos *Maranello *Morelos		
[m]	San Remo		Como	
[o]		Guerrero Maseru Navalcarnero		*Sapporo
[ð]	Toledo			
[tʃ]	*Getxo			
[v]				*Togo

Ramón Novo Folgueira

Non se extrae conclusión de uniformidade mesmo onde abundan nomes cunha mesma terminación para canto máis onde aparecen un dous dous.

Vogal final -e

<i>-E</i>	[e]	[ɛ] ~ [e]	[o]	[ɔ]
[B]				Hannover
[n]			*Gaborone	
[l]		Seicheles		
[m]		Bremen		
[r]		Amberes		*Comores
[tʃ]		Campeche		
[bl]				*Grenoble
[t]	Albacete			Lanzarote

Vogal final -i

<i>-I</i>	[e]	[ɛ]	[o]	[ɔ]
[B]				Gobi Nairobi
[n]		Phoenix		Moroni
[f]		Sheffield		
[l]		N. Deli		
[m]				*Comis Wyoming
[r]		Bering		

1.2.4. Vogais en sílaba trabada por consoante

Trabadas por nasal: Na serie velar ponde se manifesto a tendencia a regular con vogal media pechada, mentres que na serie palatal a vogal tónica algunas veces compórtase conforme os hábitos que lle vefien dados ó falante pola súa adscrición a unha área dialectal.

O recadro representa a variación máxima mesturada dos informantes, áñda que se dera o caso de *o* pechado e *e* aberto con todos estes nomes.

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

[o]	[o] ~ [ɔ]	[ɛ]	[ɛ] ~ [e]
Colombo	Londres	Denver	Benavente
Congo	Monza	Memphis	Piacenza
Lilongüe	Toronto		Trento
Tonga	Wisconsin		Vicenza

Trabadas por -r: Regularízanse as solucións con *e* aberto. Os *os* repártense de maneira desigual.

[ɛ]	[ɛ] ~ [e]	[o]	[ɔ]	[o] ~ [ɔ]
Alburquerque	Kerpen	Hornos	Dortmund	Astorga
Berna			Norfolk	Livorno
Caserta			Portland	Mallorca
Derby				Menorca
Dunquerque				
N. Jersey				
Palermo				
Vermont				

Trabadas por -s: Ámbalas dúas series mostran unha tendencia a abrir a vogal tónica, pero tamén encontramos de todo.

[ɛ]	[ɛ] ~ [e]	[ɔ]	[ɔ] ~ [o]
Esla	Dresde	Grozny	Boston
P. Moresby	Novo Mesto	Oxford	Mostar
		Potsdam	Oslo

Non hai moito xeito de ordenar máis palabras trabadas por outras consoantes, como *Estocolmo*, por motivos de limitación da base de datos.

1.3. Esdrúxulas

Moitas vogais tónicas na antepenúltima sílaba presentan nas dúas series timbre aberto, pero non sempre. O asterisco indica a solución minoritaria que se aparta do grupo a que está asignada a palabra que acompaña.

Ramón Novo Folgueira

[ɛ]	[ɔ]	[e]	[o]
América	*Bósforo	*Pésaro	*Córdoba
Bélgica	*Córsega	*Querétaro	Mónaco
Bérgamo	Coventry		
*Canterbury	*Göteborg	.	
Évora	Módena		
Mérida	Nottingham		
México	Osijek		
Pérsico	Póvoa		
Tennessee	Ródano		
Tréveris	Rotterdam		
*Xénova	Salónica		
	Xónico		

2. Vogais átonas

2.1. Postónicas

As vogais postónicas son sempre pechadas. Por exemplo *Vancouver*, *Valparaíso*, *Nuremberg* e o resto.

2.2. Vogais iniciais de palabra

As vogais *e* - *o* átonas iniciais son abertas polo xeral. Cando a vogal *e* vai seguida na mesma sílaba pola consoante *s* dise pechada. Formando con *i* o ditongo *ei*, prevalece o timbre pechado por ditongo sobre vogal inicial (cf. 3.1.2.). Na serie velar percíbese oscilacións tímbricas nalgúns nomes de lugar.

[ɛ]	[ɔ]	[e]
Ecuador	*Holanda	Escocia
Edimburgo	*Honduras	Eslovaquia
Emiratos A.U.	Honiara	Eslovenia
Ereván	*Ocaña	España
Eritrea	Odessa	Estados Unidos
Etiopía	Ohio	Estepona
Everest	Okavango	Estocolmo
Exeo	Oklahoma	Estonia
Exipto	Olot	Estrasburgo
Hercegovina	Omán	Estremadura

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

[ɛ]	[ɔ]	[e]
Orán		
*Oregón		
Orinoco		
Orlando		
*Orleáns		
Ormús		
*Osetia		
Ottawa		
Oviedo		

2.3. Terminación sufixal

Os topónimos acabados en *-erla* solidarizan o timbre da vogal pretónica co sufíxo derivativo *-erla* ([ɛ] ~ [e]), como *Almería* e *Rentería*.

2.4. Pretónicas

Na última sílaba átona anterior á tónica, é dicir a pretónica, aínda que se perciba menos, todo falante distingue á perfección os timbres pechados ou abertos das vogais medias. Aínda que a configuración silábica e o corpo dalgúns nomes poden ofrecer certa resistencia á variación, como *Berlín* (raro con [e]) ou *Menorca* (raro con [ɛ]), pódese escutar de todo.

Entre os informantes consultados extraeuse o seguinte reparto en que os asteriscos representan a variación.

[e]	[ɛ]	[o]	[ɔ]
Belice	*Arxentina	Biclorusia	Borneo
Bermeo	*Barcelona	Bogotá	Botsuana
Castellón	*Belgrado	Bohemia	Carolina
Chechenia	*Benín	*Bolivia	*Corea
Copenhaguen	Berlín	Bolonia	*Corinto
Detroit	*Camerún	Bombai	*Hercegovina
Ereván	*Cafíaveral	Bordeos	*Moldova
Everest	*Estepona	*Coímbra	*Vladivostok
Fontainebleau	Guerrero	Colombia	
Formentera	Helsinqui	Colombo	
Fuerteventura	Kentucky	Colonia	
Grenoble	Mediterráneo	Colorado	
Guatemala	*Melbourne	Comores	
Languedoc	*Versalles	Croacia	
León		Dodoma	

Ramón Novo Folgueira

[e]	[ɛ]	[o]	[ɔ]
Lesoto		Donostia	
Letonia		Eslovaquia	
Leverkusen		Eslovenia	
Luxemburgo		Estocolmo	
Macedonia		Etiopía	
Melilla		*Florencia	
Menorca		Formosa	
Minnesota		Gaborone	
*Montserrat		Gomera	
Montenegro		Indonesia	
Monterrey		Iugoslavia	
Nepal		Jonquera	
*Nevada		Koror	
Nova Caledonia	Lloret		
Nova Celandia		*Logroño	
Oregón		Lomé	
Orleáns		Martorell	
Palestina		Mesopotamia	
Penedés		Micronesia	
Pequeñ		Mongolia	
Perú		Monrovia	
Pireneos		Mordovia	
Pretoria		Morelos	
Quebec		Moroni	
Querétaro		Moscova	
Segovia		Noruega	
Senegal		Peloponeso	
Seúl		Polonia	
Sevilla		Port-Moresby	
Teherán		Salomón	
Ténéré		Somalia	
Tenerife		Somiedo	
Teruel		Sonora	
Turquestán		*Toledo	.
Vandellós		S. Tomé	
Vendrell		Toronto	
Venecia		Xordania	
Venezuela		Yokohama	
Verona			
Xenebra			
Xeoxzia			
Xerez			
Xetafe			

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

2.5. Antepretónicas

En palabras de a tres e más sílabas atopamos vogais medias de antepretónicas para atrás para tódolos gustos que tampouco se dan sistematizado.

[e]	[ɛ] ~ ([e])	[o]	[ɔ]
Acerbaixán	*Belmopán	Bogotá	*Copenhaguen
Benavente	*Iekaterimburgo	Colorado	*Dominica
Besançon	*Leverkusen	Fontainebleau	*Rep. Dominicana
Estremadura	*Mediterráneo	Formentera	Georgetown
Fontainebleau	*Pennsylvania	Honolulú	Normandía
Fuerteventura	Turkmenistán	Mesopotamia	
Hercegovina	Usbekistán	Montserrat	
Mesopotamia	*Veracruz	Montenegro	
Montevideo	*Xerusalén	Monterrey	
Peloponeso		Montevideo	
Penedés		Mozambique	
Rentería		Peloponeso	
Senegal		Polinesia	
Teherán		Portugal	
Ténéré		Romanía	
Tenerife		Yokohama	
Venezuela			

3. Vogais tónicas ou átonas

3.1. Ditongos con e

3.1.1. Crecentes

Os *es* que forman parte dun ditongo crecente soen ser abertos, sexa en posición tónica sexa en posición átona. Sobre a base dos topónimos peneirados, o ditongo *ie* pode chegar a permutar o timbre da vogal media.

[je]	[jɛ] ~ [je]	[je]	[we]	[jɛ]	[we]
Baviera	Liexa	*Somiedo	Aranjuez	Bielorrusia	Fuengirola
Dniéper	Siena		Cuenca	Iekaterimburgo	Fuerteventura
Hierro	Viena		Huelva	Vientiane	

Ramón Novo Folgueira

[jɛ]	[jɛ] ~ [je]	[je]	[wɛ]	[jɛ]	[wɛ]
Iemen			Huesca	Vietnam	
Kiev			Noruega		
Mieres			Puerto E.		
Oviedo			Suecia		
Trieste			Suez		
Yellowstone			Teruel		
			Venezuela		
			Wellington		

3.1.2. Decrecentes

Tónicos ou átonos, os *es* que forman parte dun ditongo decrecente polo regular pronúncianse pechados.

[ej]	[ej]	[ew] ~ [ɛw]	[ew] ~ [ew]
Bahrein	Beirut	Ceuta	Alcutianas
Brunei	Eivissa	Éufrates	Europa
Éibar	Reiquiavik		
Eire	Seicheles		
Gasteiz			
Lleida			
Madeira			
Monterrey			
Niamei			
Taipei			
Teide			

3.2. Ditongos con *o*

Dos *os* que forman parte dos ditongos *oi* e *uo* escóitanse moitos abertos, pero non os do ditongo *ou*, igual que cando aparece no resto de palabras da lingua.

[ɔj]	[wɔ]	[ow] ~ [ow]
Alcoi	Milwaukee	Oujda
Detroit	Woking	Oulú
Hanoi	Zwole	Salou
Illinois		

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

3.3. Palabras comúns

As vogais de termos que rexistra o noso propio idioma préstalles o timbre a nomes de lugar e accidentes xeográficos que conteñen esas palabras, como «serra» ou «negro», e tamén a topónimos que non están libres de ser sentidos como compostos, como *Maspalomas* ou *Novosibirsk*. A variación tímbrica das palabras base transmite-se ós nomes dos lugares.

Os substantivos

Costa	[ɔ]	Costa Rica, Costa de Marfil
Leste	[e] ~ [ɛ]	Timor Leste
Paloma	[o] ~ [ɔ]	Maspalomas
Porto	[o] ~ [ɔ]	Porto, Porto Novo, Porto Príncipe, Porto Rico
Serra	[ɛ]	Serra Leona

Os nomes propios de persoa

Antonio	[ɔ]	San Antonio
Salvador	[o]	O Salvador
Tomé	[ɛ]	San Tomé
Xosé	[ɛ]	San José

Os adjetivos

Bo	[o]	Bos Aires
Morto	[o] ~ [ɔ]	Mar Morto
Negro	[e]	Mar Negro, Montenegro
Novo, -a	[o] ~ [ɔ]	Nova Caledonia, Nova Celandia, Nova Deli, Nova Jersey, Nova York, Novosibirsk, Novo Mesto, Porto Novo
Verde	[e]	Cabo Verde
Vermello	[e]	Mar Vermello

Conclusións

Calquera nome de lugar do mundo, por lonxe que estea, é susceptible de adaptar ó noso patrimonio lingüístico respectando os filtros que operan no idioma ante toda incorporación nova sen evolución interna, consonte as percepcións lingüísticas dos falantes. Así pois, os topónimos do mundo constitúen unha fonte inesgotable de material para un estudo profundo do comportamento fonético dos neoloxismos. Importar topónimos do mundo en calidade de palabras novas pódenos servir para coñecermos mellor os hábitos de adaptación dos neoloxismos e asemade os patróns fonéticos que motivan estas tendencias.

 Ramón Novo Folgueira

Os criterios de adaptación destes nomes nacen da necesidade de funcionaren de xeito natural no seo do discurso. Por iso, as vogais medias con que personalizamos os nomes de fóra son as mesmas que posuímos en contextos silábicos equivalentes do léxico común tanto en posición tónica coma en posición átona.

A adaptación dos topónimos ós nosos patróns pode chegar a alterar o son das vogais medias con respecto á reproducción esmerada na lingua orixinal e mesmo interferir no recoñecemento dos falantes ós que lles é máis familiar. De calquera maneira, as conversións resultantes seguen pautas que tenden a aproximar, máis que a imitar, a pronuncia do orixinal en función das marxes de seguridade que se establecen como consecuencia dos sistemas propios de importación.

Dentro dos dous timbres que se ofrecen para cada unha das vogais que estudamos pode haber máis dunha solución válida aceptable. Sen unha ser mellor ca outra en termos absolutos, hai axustes que cadran máis veces ca outros, e hai outros que nunca acaerían ben.

Non está de máis recordar que o comportamento das dúas series non é unívoco; isto é, non hai correspondencia directa entre o que ocorre entre os *os* e entre os *es*, aínda que por motivos de simplicación, presentación e espazo vaian de par na estrutura de moitos apartados. Tal como vimos, en cada serie chéganse a detectar excepcións dentro dun modelo máis ou menos sistemático, para canto máis entre series distintas, así sexan contextos equivalentes a simple vista.

A lei principal que regula os hábitos nos xeitos de chamarles ós lugares do mundo é a que actúa nas relacións de semellanza coa descripción fonética do léxico que representa o pouso patrimonial do individuo, e as conexións que se manifestan determinan a súa clasificación conforme criterios de presentación tipolóxica.

A diversidade no axeitamento dos sons ó sentir do idioma atende a diversos parámetros. O máis determinante, segundo o extracto tirado das doce enquisas, é a procedencia xeográfica fronte a outros factores en que apenas se observa variación, como o xeracional, o cultural ou a vía de recoñecemento, escrita ou oral. Verbo da adscrición a unha área dialectal, medio se adivinan vínculos entre os topónimos estranxeiros e o léxico de evolución propia no comportamento de terminacións afectadas por fenómenos do vocalismo, como a metafonia nominal ou a trabazón de vogal tónica por consoante nasal, como *Zamora* [o] / *Zamora* [ɔ] ou *Palencia* [ɛ] / *Palencia* [e].

Visto que en tódolos grupos hai excepcións que se apartan da xeneralidade, convén confiar na intuición e non na regra de tres. Un mesmo falante pode dicir *York* [ɔ] pero *Nova York* [o], *Everest* [e] pero *Budapest* [ɛ], etc, e entre irmáns, un pode dicir *Porto* [o] e o outro *Porto* [ɔ]... Ademais, tódolos apartados que se abriron compórtanse de maneira desigual, e talvez nin sequera na proporción en que se manifestan neste estudo. Particularmente, o vocalismo átono en interior de palabra presenta maior variación có tónico, polo que resulta aínda máis complexo de ordenar.

O reparto de solucións estradas ó longo desta exposición deberase considerar aberto, por canto está restrinxido a unha lista pechada de palabras e mais a un número baixo de informantes que non é representativo. Polo tanto, non posúe carácter prescritivo.

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

Conclúo con observacións en torno ás vogais medias na pronuncia dos topónimos estranxeiros a conto de elaborar o manual do departamento de producción aldea da Televisión de Galicia para as casas de dobraxe.

Modelo de aplicación a un manual de estilo

Prevalecerá a adaptación dos topónimos á pronuncia na lingua orixinal, que non ten por que ser a da banda da película ou documental.

O sistema vocálico pode ofrecer resistencia a determinados timbres en función do contexto, e por iso a conversión debe efectuarse aproximándoa ás nosas aptitudes articulatorias espontáneas.

Deberase coidar con esmero a vocalización de topónimos pouco comuns, de maneira que o espectador recoñeza o que se di aínda que non identifique o lugar ou o nome do accidente xeográfico.

Os falantes que garanten un dominio contrastado do idioma están autorizados a adaptar ó seu xeito os nomes de lugar, posto que é frecuente recoller máis dunha posibilidade de conversión segundo a procedencia. De non atinguirse un grao de fidelidade pleno, algúen que reúna estas condicións de garantía (director, lingüista ou actores principais) deberá terzar en que as resolucións teñan coherencia coa fala de quien establece as pautas do resto do vocalismo ó longo da producción.

No tocante ás vogais medias, nunha mesma producción ou serie pode ser verosímil escutar dúas adaptacións diferentes dun topónimo, pero nunca nun mesmo personaxe.

Por motivos de expresividade pódese manter a pronuncia orixinal, sempre que estea motivada por unha modulación deliberada cando o actor está caracterizado cunha maneira especial de falar, ou ben cando o topónimo forma parte dun xogo de palabras. Pronuncias con *sotaque* parecen pouco apropiadas para un falar fluído sen matices de pedantería.

O rexistro lingüístico, derivado da psicoloxía, idade, condición social e contexto en que se desenvolven os personaxes, non determinará a escolla entre opcións validadas.

Por último, deberase adaptar con naturalidade a pronunciación do orixinal nos casos en que a forma escrita presente dígrafos ou trígrafos pouco usuais ou de lenguas descoñecidas (ex.: *Phoenix*, *Milwaukee*...).

Ramón Novo Folgueira

Índice de topónimos

Entrada	GRUPO	¿QUE ES?	LOCALIZACIÓN
Acerbaixán	2.5.	Estado	Transcaucasia
Adís Abéba	1.2.3.1.	Capital	Etiopía
Agadés	1.1.2.	Cidade ¹	Nixer
Albacete	1.2.2.	Cidade	Castela-A Mancha
Alburquerque	1.2.4.2.	Vila	Badaxoz
Alcói	3.2.	Cidade	Alacante
Algutianas	3.1.2.	Illas	Océano Pacífico
Alguer	1.1.2.	Vila	Sardenha
Almería	2.3.	Cidade	Andalucía
Almudévar	1.2.3.	Vila	Huesca
Almuñécar	1.2.3.	Vila	Granada
Alxer	1.1.2.	Capital	Alxeria
Álxeria	1.2.1.	Estado	Magreb
Amazónias	1.2.2.	Río	América do Sur
Ambéres	1.2.3.3.	Cidade	Bélgica
América	1.3.	Continente	
Andorría	1.2.3.1.	Principado	Europa latina
Angola	1.2.2.	Estado	África sudtropical
Aragón	1.1.1.	Autonomía	España
Aranjuéz	3.1.1.	Vila	Madrid
Arézzo	1.2.3.2.	Cidade	Italia
Arizóna	1.2.2.	Estado federal	E.U.A.
Arlés	1.1.2.	Cidade	Francia
Arménia	1.2.1.	Estado	Transcaucasia
Arxentina	2.4.	Estado	Sur americano
Astorga	1.2.4.2.	Vila	León
Asunción	1.1.1.	Capital	Paraguai
Aténas	1.2.3.1.	Capital	Grecia
Avilés	1.1.2.	Cidade	Asturias
Aviñón	1.1.1.	Cidade	Francia
Badaxoz	1.1.1.	Cidade	Estremadura
Bahrein	3.1.2.	Estado	Península arábiga
Bangkók	1.1.1.	Capital	Tailandia
Bangladésh	1.1.2.	Estado	Periferia india
Baníolas	1.2.2.	Vila	Xirona
Baníosa, A	1.2.3.1.	Vila	León
Barcelona	2.4. / 1.2.2.	Capital	Cataluña
Barcelos	1.2.3.2.	Vila	Portugal
Basiléa	1.2.2.	Cidade	Suiza
Basília	1.2.3.1.	Cidade	Irák
Baviera	3.1.1.	Rexión	Alemaña

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

Entrada	GRUPO	¿QUE É?	LOCALIZACIÓN
Béirut	3.1.2.	Capital	Líbano
Belén	1.1.2.	Cidade	Palestina
Belfast	1.2.4.	Capital	Irlanda do Norte
Belgrado	2.4.	Capital	Iugoslavia
Belize	2.4.	Estado	América Central
Belmopán	2.5.	Capital	Belice
Béxica	1.3.	Estado	Benelux
Bgnavénte	2.5. / 1.2.4.1.	Vila	Zamora
Beníñ	2.4.	Estado	Golfo de Guinea
Bérgamo	1.3.	Cidade	Italia
Béring	1.2.3.4.	Estreito	Océano Ártico
Berlín	2.4.	Capital	Alemaña
Berméo	2.4. / 1.2.2.	Vila	Biscaia
Bérna	1.2.4.2.	Capital	Suiza
Besançón	2.5. / 1.1.1.	Cidade	Francia
Bidasoa	1.2.2.	Río	Navarra
Bielorrusia	3.1.1. / 2.4.	Estado	Europa Oriental
Binefar	1.2.3.	Vila	Huesca
Bishquék	1.1.2.	Capital	Kirguizstán
Bogotá	2.5. / 2.4.	Capital	Colombia
Bohémia	2.4 / 1.2.1.	Rexión	República Checa
Bolivia	2.4.	Estado	América Andina
Bolgónia	2.4. / 1.2.1.	Cidade	Italia
Bombai	2.4.	Cidade	India
Bonn	1.1.3.	Cidade	Alemaña
Bordéos	2.4. / 1.2.2.	Cidade	Francia
Borneo	2.4. / 1.2.2.	Illa	Indonesia
Bós Aires	3.3.	Capital	Arxentina
Bósforo	1.3.	Estreito	Turquía
Bósnia	1.2.1.	Estado	Balcáns
Boston	1.2.4.3.	Cidade	E.U.A
Botsuana	2.4.	Estado	África Austral
Bremen	1.2.3.3.	Cidade	Alemaña
Bréxa	1.2.3.1.	Cidade	Italia
Brest	1.1.3.	Cidade	Francia
Br(é)no	1.2.3.2.	Cidade	República Checa
Brunéi	3.1.2.	Estado	Sueste insular asiático
Bruxelas	1.2.3.1.	Capital	Bélgica
Bucarest	1.1.2.	Capital	Romanía
Budapest	1.1.2.	Capital	Hungría
Cabo Verde	3.3.	Estado	África extremo-occid.
Cacablos	1.2.3.2.	Vila	León
California	1.2.1.	Estado federal	E.U.A.

Ramón Novo Folgueira

Entrada	GRUPO	¿QUE ES?	LOCALIZACIÓN
Cambóxa	1.2.3.1.	Estado	Península indochinesa
Cambrún	2.4.	Estado	África central
Campéche	1.2.3.3.	Estado federal	México
Canberra	1.2.3.1.	Capital	Australia
Canterbury	1.3.	Vila	Inglaterra
Cañaveral	2.4.	Cabo	E.U.A.
Capadócia	1.2.1.	Rexión	Turquía
Carelia	1.2.1.	Ant. república	Rusia
Carolina do Sur	2.4.	Estado federal	E.U.A.
Cartaxéna	1.2.3.1.	Cidade	Murcia
Caserta	1.2.4.2.	Cidade	Italia
Castela	1.2.3.1.	Rexión	España
Castellón	2.4. / 1.1.1.	Cidade	Comun. Valenciana
Cáduta	3.1.2.	Cidade autón.	España
Charlotte	1.1.1.	Cidade	E.U.A.
Chéca Rep.	1.2.3.1.	Estado	Europa central
Chéchnia	2.4. / 1.2.1.	Ant. república	Rusia
Cóimbra	2.4.	Cidade	Portugal
Colômbia	2.4. / 1.2.1.	Estado	América andina
Colombo	2.4. / 1.2.4.1.	Capital	Sri Lanka
Colónia	2.4. / 1.2.1.	Cidade	Alemania
Colorado	2.5. / 2.4.	Estado federal	E.U.A.
Cómis	1.2.3.4.	Ant. república	Rusia
Cámo	1.2.3.2.	Cidade	Italia
Comóres	2.4. / 1.2.3.3.	Estado	Océano Índico
Congo	1.2.4.1.	Estados	África Central
Copenhaguen	2.5. / 2.4.	Capital	Dinamarca
Córdoba	1.3.	Cidade	Andalucía
Córga do Sur	2.4. / 1.2.2.	Estado	Asia do norte
Córinto	2.4.	Cidade	Grecia
Cárk	1.1.3.	Cidade	Irlanda
Córsega	1.3.	Illa	Mediterráneo
Costa de Marfil	3.3.	Estado	Golfo de Guinea
Costa Rica	3.3.	Estado	América central
Cóventry	1.3.	Cidade	Inglaterra
Cracovia	1.2.1.	Cidade	Polonia
Créta	1.2.3.1.	Illa	Mediterráneo
Crimia	1.2.2.	Crimea	Ucrânia
Cögacia	2.4.	Estado	Balcãs
Cuénca	3.1.1.	Cidade	Castela-A Mancha
Daitona	1.2.2.	Vila	Florida

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

Dakóta do Sur	1.2.3.1.	Estado federal	E.U.A.
Dénver	1.2.4.1.	Cidade	E.U.A.
Dérby	1.2.4.2.	Cidade	Inglaterra
Detróit	2.4. / 3.2.	Cidade	E.U.A.
Dijón	1.1.1.	Cidade	Francia
Dniéper	3.1.1.	Río	Rusia
Dzodzoma	2.4. / 1.2.3.1.	Capital	Tanzania
Doha	1.2.3.1.	Capital	Qatar
Dominica	2.5.	Estado	Pequenas Antillas
Dominicana Rep.	2.5.	Estado	Grandes Antillas
Dondstia	2.4. / 1.2.1.	Cidade	País Vasco
Dortmund	1.2.4.2.	Cidade	Alemania
Dresde	1.2.4.3.	Cidade	Alemania
Dunkérque	1.2.4.2.	Cidade	Francia
Duxanbé	1.1.2.	Capital	Tadixquistán
Ecuador	2.2. / 1.1.1.	Estado	América Andina
Edimburgo	2.2.	Capital	Escocia
Éibar	3.1.2.	Vila	Guipúscua
Éire	3.1.2.	Estado	Illas Británicas
Éivissa	3.1.2.	Illa	Illas Baleares
Élba	1.2.4.	Río	Alemania
Émiratos Árabes Unidos	2.2.	Estado	Península arábiga
Éreván	2.2. / 2.4.	Capital	Armenia
Éritrea	2.2. / 1.2.2.	Estado	Africa do norte
Escócia	2.2. / 1.2.1.	Rexión	Reino Unido
Ésia	1.2.4.3.	Río	Castela
Eslovaquia	2.2. / 2.4.	Estado	Europa central
Eslovénia	2.2. / 2.4. / 1.2.1./	Estado	Balcáns
Éspaña	2.2.	Estado	Europa latina
Estados Unidos	2.2.	Estado	América do norte
Éstepona	2.2. / 2.4. / 1.2.2.	Vila	Málaga
Estocolmo	2.2. / 2.4. / 1.2.4.	Capital	Suecia
Estónia	2.2. / 1.2.1.	Estado	Países Bálticos
Éstrasburgo	2.2.	Cidade	Francia
Estremadura	2.2. / 2.5.	Comunidade	España
Étiopía	2.2. / 2.4.	Estado	Africa do norte
Étna	1.2.4.	Monte	Sicilia
Éufrates	3.1.2.	Río	Crecente Fértil
Éurópa	3.1.2. / 1.2.3.1.	Continente	
Everest	2.2. / 2.4. / 1.1.2.	Pico	Nepal
Évora	1.3.	Vila	Portugal
Exeo	2.2. / 1.2.2.	Mar	Mediterráneo

Ramón Novo Folgueira

Entrada	GRUPO	¿QUE ES?	LOCALIZACIÓN
Egipto	2.2.	Estado	Val do Nilo
Fès	1.1.3.	Cidade	Marracos
Figueras	1.2.2.	Vila	Xirona
Filadelfia	1.2.1.	Cidade	E.U.A.
Floréncia	2.4. / 1.2.2.	Cidade	Italia
Fontainebleau	2.5. / 2.4. / 1.1.1.	Vila	Francia
Fornmentera	2.5. / 2.4. / 1.2.2.	Illa	Illas Baleares
Fermoselle	2.4. / 1.2.3.1.	Cidade	Arxentina
Fuengirola	3.1.1. / 1.2.2.	Vila	Málaga
Fuerteventura	3.1.1. / 2.5. / 2.4.	Illa	Illas Canarias
Gabón	1.1.1.	Estado	África Central
Gaborone	2.4. / 1.2.3.3.	Capital	Botsuana
Gardóna	1.2.2.	Río	Pirenos
Gasteiz	3.1.2.	Cidade	País Vasco
Georgetown	2.5.	Capital	Guiana
Géxo	1.2.3.2.	Cidade	País Vasco
Gobi	1.2.3.4.	Deserto	Rusia
Góðthab	1.2.4.	Capital	Groenlandia
Gomera	2.4. / 1.2.2.	Illa	Illas Canarias
Göteborg	1.3.	Cidade	Suecia
Grécia	1.2.1.	Estado	Mediterráneo Oriental
Grenoble	2.4. / 1.2.3.3.	Cidade	Francia
Grózny	1.2.4.3.	Capital	Chechenia
Guatemala	2.4.	Estado	América Central
Gugréro	2.4. / 1.2.3.2.	Estado federal	México
Guinéa	1.2.2.	Estado	África Extremo-Occid.
Hannover	1.2.3.3.	Cidade	Alemania
Handí	3.2.	Capital	Vietnam
Helsinki	2.4.	Capital	Finlandia
Hercegovina	2.2. / 2.5. / 2.4.	Rexión	Bosnia-Hercegovina
Híetro	3.1.1.	Illa	Illas Canarias
Ho Chi Minh	1.1.3.	Cidade	Vietnam
Holanda	2.2.	Estado	Benelux
Honduras	2.2.	Estado	América Central
Hóng Kong	1.1.3.	Rexión	China
Honiara	2.2.	Capital	Illas Salomón
Honolulu	2.5.	Capital	Hawai
Hórnos	1.2.4.2.	Cabo	Chile
Huelva	3.1.1.	Cidade	Andalucía
Huesca	3.1.1.	Cidade	Aragón
Iaundé	1.1.2.	Capital	Camerún
Igatgrimburo	3.1.1. / 2.5.	Cidade	Rusia
Igmen	3.1.1.	Estado	Península Arábiga

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

Entrada	GRUPO	¿QUE É?	LOCALIZACIÓN
Illinois	3.2.	Estado federal	E.U.A.
Indonésia	2.4. / 1.2.1.	Estado	Asia do Sueste Insular
Inglaterra	1.2.3.1.	Rexión	
Israel	1.1.2.	Estado	Crecente Fértil
Jugoslavia	2.4.	Estado	Balcáns
Janquera, A	2.4. / 1.2.2.	Vila	Xirona
Kentucky	2.4.	Estado federal	E.U.A.
Kerpen	1.2.4.2.	Vila	Alemaña
Kiév	3.1.1.	Capital	Ucrania
Korár	2.4. / 1.1.1.	Capital	Palau
Labrador	1.1.1.	Mar	Atlántico
Languedoc	2.4. / 1.1.1.	Rexión	Francia
Lanzarote	1.2.2.	Illa	Illas Canarias
Lapónia	1.2.1.	Rexión	Norte de Europa
León	2.4. / 1.1.1.	Cidade	Castela-León
Lesotto	2.4. / 1.2.3.2.	Estado	África Austral
Letónia	2.4. / 1.2.1.	Estado	Paises Bálticos
Leverkusen	2.5. / 2.4.	Cidade	Alemaña
Libéria	1.2.1.	Estado	África Extremo-Ocid.
Líexa	3.1.1.	Cidade	Bélxica
Lilongue	1.2.4.1.	Capital	Malaui
Lisboa	1.2.2.	Capital	Portugal
Livorno	1.2.4.2.	Cidade	Italia
Llida	3.1.2.	Cidade	Cataluña
Lloret de Mar	2.4. / 1.1.2.	Vila	Xirona
Lódz	1.1.3.	Cidade	Polonia
Lagráño	2.4. / 1.2.3.2.	Capital	A Rioxa
Lomé	2.4. / 1.1.2.	Capital	Togo
Londres	1.2.4.1.	Capital	Inglaterra
Luxemburgo	2.4.	Capital	Luxemburgo
Lyón	1.1.1.	Cidade	Francia
Macedónia	2.4. / 1.2.1.	Estado	Balcáns
Madáira	3.1.2.	Arquipélago	Atlántico
Magreb	1.1.2.	Área	África do Norte
Mallorca	1.2.4.2.	Illa	Illas Baleares
Manacor	1.1.1.	Vila	Mallorca
Maranello	1.2.3.2.	Vila	Italia
Marbella	1.2.3.1.	Cidade	Málaga
Marraquexh	1.1.2.	Cidade	Marrocos
Marracos	1.2.2.	Estado	Magreb
Marsella	1.2.3.1.	Cidade	Francia
Martorell	2.4. / 1.1.2.	Vila	Barcelona

Ramón Novo Folgueira

Entrada	GRUPO	¿QUE ES?	LOCALIZACIÓN
Masgru	1.2.3.2.	Capital	Lesoto
Maspalomas	3.3.	Cabo	Illas Canarias
Matard	1.1.1.	Cidade	Barcelona
Mediterráneo	2.5. / 2.4.	Mar	Europa-Africa-Asia
Melbourne	2.4.	Cidade	Australia
Mglilla	2.4.	Cidade autón.	España
Méntrica	2.4. / 1.2.4.2.	Illa	Illas Baleares
Memphis	1.2.4.1.	Cidade	E.U.A.
Mérida	1.3.	Capital	Extremadura
Mesopotamia	2.5. / 2.4.	Rexión	Crescente Fértil
Metz	1.1.3.	Cidade	Francia
México	1.3.	Estado	América do Norte
Micrónesia	2.4. / 1.2.1.	Estado	Pacífico Sur
Mieres	3.1.1.	Cidade	Asturias
Milwaukee	3.2.	Cidade	E.U.A.
Minnesota	2.4. / 1.2.3.1.	Estado federal	E.U.A.
Módena	1.3.	Cidade	Italia
Moldova	2.4. / 1.2.3.1.	Estado	Europa Oriental
Mónaco	1.3.	Estado	Europa Latina
Mongolia	2.4. / 1.2.1.	Estado	Asia do Nordés
Mónarquia	2.4. / 1.2.1.	Capital	Liberia
Montserrat	2.5. / 2.4.	Serra	Barcelona
Montenegro	2.5. / 2.4. / 3.3.	República	Iugoslavia
Montgréy	2.5. / 2.4. / 3.1.2.	Cidade	México
Montevidgo	2.5. / 1.2.2.	Capital	Uruguai
Mónza	1.2.4.1.	Cidade	Italia
Mordavia	2.4. / 1.2.1.	Ant. república	Rusia
Morodos	2.4. / 1.2.3.2.	Estado federal	México
Moróni	2.4. / 1.2.3.4.	Capital	Comores
Mórto, Mar	3.3.	Lago	Crescente Fértil
Moscova	2.4. / 1.2.3.1.	Capital	Rusia
Móstar	1.2.4.3.	Cidade	Bosnia-Herzegovina
Mozambique	2.5.	Estado	Africa Sudtopical
Nairobi	1.2.3.4.	Capital	Quenia
Navalcarrasco	1.2.3.2.	Vila	Madrid
Nazaret	1.1.2.	Cidade	Israel
Negro, Mar	3.3.	Mar	Europa Oriental
Nepal	2.4.	Estado	India e periferia
Ness	1.1.3.	Lago	Escocia
Nevada	2.4.	Estado federal	E.U.A.
Niaméi	3.1.2.	Capital	Níixer
Nicósia	1.2.1.	Capital	Chipre

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

Entrada	GRUPO	¿QUE E?	LOCALIZACIÓN
Niue	1.1.2.	Illa	Pacífico Sur
Nixeria	1.2.1.	Estado	Golfo de Guinea
Nórfolk	1.2.4.2.	Condado	Inglatera
Normandía	2.5.	Rexión	Francia
Noruega	2.4. / 3.1.1.	Estado	Europa do Norte
Nótingham	1.3.	Cidade	Inglatera
Nova Caledónia	3.3. / 2.4. / 1.2.1.	Illa	Pacífico Sur
Nova Celandia	3.3. / 2.4.	Estado	Pacífico Sur
Nova Deli	3.3. / 1.2.3.4.	Capital	A India
Nova Jersey	3.3. / 1.2.4.2.	Estado federal	E.U.A.
Nova York	3.3. / 1.1.1.	Cidade	E.U.A.
Novo Mesto	3.3. / 1.2.4.3.	Cidade	Eslovenia
Noguibinsk	3.3.	Cidade	Rusia
Nuakchot	1.1.1.	Capital	Mauritania
Nüremberg	2.1.	Cidade	Alemaña
Ocaña	2.2.	Vila	Toledo
Qdesa	2.2. / 1.2.3.1.	Cidade	Ucraína
Ohio	2.2.	Estado federal	E.U.A.
Okavango	2.2.	Río	Namibia-Angola
Oklahoma	2.2. / 1.2.3.1.	Estado federal	E.U.A.
Olárt	2.2. / 1.1.1.	Vila	Xirona
Qmán	2.2.	Estado	Península Arábiga
Qmsk	1.1.3.	Cidade	Rusia
Qrán	2.2.	Cidade	Alxeria
Qregón	2.2. / 2.4 / 1.1.1.	Estado federal	E.U.A.
Orinoco	2.2. / 1.2.2.	Río	Venezuela-Colombia
Qrlando	2.2.	Cidade	E.U.A.
Qreláns	2.2. / 2.4.	Cidade	Francia
Qrmús	2.2.	Estreito	S.O. Asia
Qshtia	2.2. / 1.2.1.	Ant. república	Rusia
Qsijek	1.3.	Cidade	Croacia
Qslø	1.2.4.3.	Capital	Noruega
Qttawa	2.2.	Capital	Canadá
Qujda	3.2.	Cidade	Marrocos
Qulú	3.2.	Cidade	Finlandia
Qviédo	2.2. / 3.1.1.	Capital	Asturias
Qxford	1.2.4.3.	Cidade	Inglatera
Palamds	1.1.1.	Vila	Xirona
Paléncia	1.2.2.	Cidade	Castela-León
Palermo	1.2.4.2.	Cidade	Italia
Palgstina	2.4.	Pobo	Crescente Fértil
Pamplóna	1.2.2.	Capital	Navarra

Ramón Novo Folgueira

Entrada	GRUPO	¿QUE ES?	LOCALIZACIÓN
Patagónia	1.2.1.	Rexión	América Austral
Pécos	1.2.3.2.	Río	E.U.A.
Peloponeso	2.5. / 2.4. / 1.2.3.2.	Rexión	Grecia
Penedés	2.5. / 2.4. / 1.1.2.	Comarca	Cataluña
Pennsylvania	2.5.	Estado federal	E.U.A.
Pequín	2.4.	Capital	China
Pérxico	1.3.	Golfo	S.O. Asia
Péth	1.1.3.	Cidade	Australia
Perú	2.4.	Estado	América Andina
Pésaro	1.3.	Cidade	Italia
Phnom Penh	1.1.3.	Capital	Camboxa
Phoenix	1.2.3.4.	Cidade	E.U.A.
Piacenza	1.2.4.1.	Cidade	Italia
Pirénigos	2.4. / 1.2.2.	Cordal	Europa Latina
Pô	1.1.3.	Río	Alpes
Polingésia	2.5. / 1.2.1.	Rexión	Pacífico Sur
Polónia	2.4. / 1.2.1.	Estado	Europa Central
Port-Moresby	2.4. / 1.2.4.3.	Capital	Papúa-Nova Guínea
Portland	1.2.4.2.	Cidade	E.U.A.
Pórt	3.3.	Cidade	Portugal
Pórt Nôvo	3.3.	Vila	Cabo Verde
Pórt Príncipe	3.3.	Capital	Haití
Pórt Rico	3.3.	Estado	Grandes Antillas
Pórtugal	2.5.	Estado	Europa Latina
Pôtsdam	1.2.4.3.	Cidade	Alemania
Pôvoa de Varzim	1.3.	Cidade	Portugal
Pretória	2.4. / 1.2.1.	Cidade	República Sudáfricana
Puerto España	3.1.1.	Capital	Trinidad e Tobago
Quêbec	2.4. / 1.1.2.	Provincia	Canadá
Quênia	1.2.1.	Estado	África do Leste
Querétaro	2.4. / 1.3.	Cidade	México
Reiquiavik	3.1.2.	Capital	Islandia
Rentería	2.5. / 2.3.	Vila	Guipúscoa
Ródano	1.3.	Río	Alpes
Rôdas	1.2.3.1.	Illa	Mediterráneo
Róma	1.2.3.1.	Capital	Italia
Romania	2.5.	Estado	Balcãns
Róterdam	1.3.	Cidade	Holanda
Sabadell	1.1.2.	Cidade	Barcelona
Salomón	2.4. / 1.1.1.	Illas	Pacífico Sur
Salónica	1.3.	Cidade	Grecia
Salou	3.2.	Cabo	Cataluña

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

Entrada	GRUPO	¿QUE E?	LOCALIZACIÓN
Salvadór, O	3.3.	Estado	América Central
Samá	1.2.2.	Estado	Pacífico Sur
San António	3.3.	Cidade	E.U.A.
San José	3.3.	Capital	Costa Rica
San Rémo	1.2.3.2.	Cidade	Italia
San Tomé	2.4. / 3.3.	Capital	San Tomé e Príncipe
Santander	1.1.2.	Capital	Cantabria
Santarém	1.1.2.	Vila	Portugal
Sapporo	1.2.3.2.	Cidade	Xapón
Saraxévo	1.2.3.2.	Capital	Bosnia-Herzegovina
Sardenha	1.2.3.1.	Illa	Mediterráneo
Saxónia	1.2.1.	Antiga rexión	Alemaña
Segóvia	2.4. / 1.2.1.	Cidade	Castela-León
Seichelles	3.1.2. / 1.2.3.3.	Estado	Océano Índico
Séna	1.2.3.1.	Río	Francia
Senegal	2.5. / 2.4.	Estado	Africa Extremo-Ocid.
Sérvia	1.2.1.	República	Iugoslavia
Serra Leóna	3.3.	Estado	Africa Extremo-Ocid.
Seúl	2.4.	Capital	Corea do Sur
Sevilla	2.4.	Cidade	Andalucía
Sheffield	1.2.3.4.	Cidade	Inglaterra
Sibéria	1.2.1.	Rexión	Rusia
Sígna	3.1.1.	Cidade	Italia
Silésia	1.2.1.	Rexión	Polonia
Skopje	1.2.1.	Capital	Macedonia
Sofia	1.2.1.	Capital	Bulgaria
Somália	2.4.	Estado	Africa do Nordés
Somiedo	2.4. / 3.1.1.	Parque natural	Asturias
Sonora	2.4. / 1.2.3.1.	Estado federal	México
Sória	1.2.1.	Cidade	Castela-León
Sórt	1.1.3.	Vila	Lleida
Sugcia	3.1.1.	Estado	Europa do Norte
Suéz	3.1.1.	Cidade	Exipto
Taipéi	3.1.2.	Capital	Taiwán
Talavera de la Reina	1.2.2.	Cidade	Toledo
Tarragona	1.2.2.	Cidade	Cataluña
Tashkent	1.1.2.	Capital	Usbequistán
Tebas	1.2.3.1.	Vila	Grecia
Teherán	2.5. / 2.4.	Capital	Irán
Téide	3.1.2.	Pico	Illas Canarias
Teneré	2.5. / 2.4. / 1.1.2.	Deserto	Nixer
Tenerife	2.5. / 2.4.	Illa	Illas Canarias
Tennessee	1.3.	Estado federal	E.U.A.

Ramón Novo Folgucira

Entrada	GRUPO	¿QUE ES?	LOCALIZACIÓN
Tér	1.1.3.	Río	Cataluña
Teruel	2.4. / 3.1.1.	Cidade	Aragón
Texas	1.2.3.1.	Estado federal	E.U.A.
Timor Leste	1.1.1. / 3.3.	Estado	Asia do Sueste Insular
Tirreno	1.2.3.2.	Mar	Mediterráneo
Tígo	1.2.3.2.	Estado	Golfo de Guinea
Tolédo	2.4. / 1.2.3.2.	Capital	Castela-A Mancha
Tómsk	1.1.3.	Cidade	Rusia
Tonga	1.2.4.1.	Estado	Pacífico Sur
Tiquio	1.2.1.	Capital	Xapón
Toronto	2.4. / 1.2.4.1.	Cidade	Canadá
Trento	1.2.4.1.	Cidade	Italia
Tréveris	1.3.	Cidade	Alemania
Trieste	3.1.1.	Cidade	Italia
Tudela	1.2.3.1.	Vila	Navarra
Turquenistán	2.5.	Estado	Asia Central
Turquistán	2.4.	Rexión	Asia Central
Utrecht	1.1.2.	Cidade	Holanda
Usbekistán	2.5.	Estado	Asia Central
Valéncia	1.2.2.	Capital	Comunidade valenciana
Valéita, A	1.2.3.1.	Capital	Malta
Valparaíso	2.1.	Cidade	Chile
Vancouver	2.1.	Cidade	Canadá
Vandellós	2.4. / 1.1.1.	Vila	Tarragona
Varsòvia	1.2.1.	Capital	Polonia
Vendrell, O	2.4. / 1.1.2.	Vila	Tarragona
Venècia	2.4. / 1.2.1.	Cidade	Italia
Venezuela	2.5. / 2.4. / 3.1.1.	Estado	Venezuela, Guianas
Veraçruz	2.5.	Cidade	México
Vermelho, Mar	3.3.	Mar	Oriente Próximo
Vermont	1.2.4.2.	Estado federal	E.U.A.
Verdona	2.4. / 1.2.2.	Cidade	Italia
Versalles	2.4.	Cidade	Francia
Vicénza	1.2.4.1.	Cidade	Italia
Victoria	1.2.1.	Capital	Seicheles
Vigna	3.1.1.	Capital	Austria
Vigtianié	3.1.1.	Capital	Laos
Vietnam	3.1.1.	Estado	Península indochinesa
Vitoria	1.2.1.	Capital	País Vasco
Vladivostok	2.4. / 1.1.1.	Cidade	Rusia
Vilga	1.2.4.	Río	Rusia
Wellington	3.1.1.	Capital	Nova Celandia
Winnipeg	1.1.2.	Cidade	Canadá

Hábitos de adaptación fonética das vogais medias nos topónimos estranxeiros

Entrada	GRUPO	¿QUE É?	LOCALIZACIÓN
Wisconsin	1.2.4.1.	Estado federal	E.U.A.
Woking	3.2.	Vila	Inglaterra
Wolfsburg	1.2.4.	Cidade	Alemaña
Wrms	1.1.3.	Cidade	Alemaña
Wyoming	1.2.3.4.	Estado federal	E.U.A.
Xaén	1.1.2.	Cidade	Andalucía
Xaména	1.2.3.1.	Capital	Chad
Xapón	1.1.1.	Estado	Asia do nordés
Xenebra	2.4. / 1.2.3.1.	Cidade	Suíza
Xénova	1.3.	Cidade	Italia
Xérxia	2.4. / 1.2.1.	Estado	Transcaucasia
Xeréz de la Frontera	2.4. / 1.1.2.	Cidade	Cádiz
Xerusalén	2.5. / 1.1.2.	Capital	Israel
Xetafe	2.4.	Cidade	Madrid
Xiróna	1.2.2.	Cidade	Cataluña
Xixón	1.1.1.	Cidade	Asturias
Xónico	1.3.	Mar	Mediterráneo
Xordania	2.4.	Estado	Crescente fértil
Yellowstone	3.1.1.	Parque natural	E.U.A.
Yokohama	2.5. / 2.4.	Cidade	Xapón
York	1.1.3.	Cidade	Inglaterra
Zacatecas	1.2.3.1.	Estado federal	México
Zamora	1.2.3.1.	Cidade	Castela-León
Zaragoza	1.2.3.1.	Capital	Aragón
Zwolle	3.2.	Cidade	Holanda

Ramón Novo Folgueira

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, Rosario e Xove, Xosé (2002): *Gramática da lingua galega*, Rosario Álvarez e Xosé Xove, Vigo: Editorial Galaxia.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia.
- Fernández Salgado, Benigno (1990): *Os xentilicios e os topónimos do mundo*, Santiago: Xunta de Galicia - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Fernández y Fernández, José Armando (coord.) (1996): *Atlas de Galicia y de España*, Madrid: Grupo Anaya.
- González, Manuel e Santamarina, Antón (1989): *Diccionario inverso da lingua galega (versión provisional)*, Santiago: Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega.
- Publicaciones Cartográficas (1996): *Atlas Básico Universal*, Santiago: Edicións Sálvora.
- Regueira, Xosé Luís (1994) «Modelos fonéticos e autenticidade lingüística» en *Cadernos de lingua* 10, 37-60. Santiago: Real Academia Galega.
- Thema Equipo Editorial (ed.) (1996): *Atlas de Galicia e do Mundo*, Vigo: Edicións do Cumio.
- VV. AA. (1997): *Atlas Mundial multimedia*, Salvat Editores, 1997.
- VV. AA. (2001): *El estado del mundo 2002: anuario económico y geopolítico mundial*, Madrid: Ediciones Aka. Traducido de Cordellier, Serge e Didiot, Béatrice (2001): *L'état du monde 2002: annuaire économique et géopolitique mondial*. Paris: La Découverte/Boreal

NOTAS

1. Consideranse cidades cando pasan dos 50.000 habitantes, e vilas, cando non chegan a eles.